

# TELLEIRAS GALEGAS

**As telleiras eran instalacións dedicadas á elaboración de tellas, ladrillos e outros elementos de construción a base de barro.**

**Na actualidade quedan uns poucos restos repartidos polo país debido a que foron substituída polas fábricas de cerámica**

# PARTES DUNHA TELLEIRA



# O FORNO

Estrutura da caldeira





Grella do forno





forno cuberto con cheminea





forno cuberto con bóveda



**forno con tellado móbil**







portas  do forno

detalle da vestidura interior do forno



# O PALLETE ou CUBERTO







# A LEÑEIRA





# ESPAZOS E CONSTRUCIÓNS AUXILIARES



EIRA



PÍAS



# EMBARCADOIROS







# CASETAS OU CHABOLAS







# O TRABALLO NA TELLEIRA



Maqueta nun museo do Algarve

# EXTRACIÓN DO BARRO

-Os pañóns ou lingotes de barro arrancábanse con eixadas e picochas e transportábanse con tinas (á cabeza), en carretas ou carros.
-No seo do Umia o barro extraíase tamén dos fondos mariños aproveitando as secas. Rodeábase o espazo cunha caixonada e cargábase en barcos.





antiga barreira en Vilalonga



Extracción de
barro no mar
barreira na
Arnosa- Vilalonga

**Os traballadores da telleira estaban organizados nunha CUADRILLA formada por un mínimo de cinco persoas na que cada unha tiña a súa función:**

**-OFICIAL: responsable da elaboración das pezas.**

**-PIEIRO ou AMASADOR: encargado de amasar o barro na pía.**

**-CARRETILLEIRO: encargado de levar o barro da pía ao oficial e de transportar o material da eira para o pallete nas carretas.**

**-TENDEDOR: levaba as pezas desde o banco ou máquina ata a eira para polas a secar. Xeralmente eran rapaces novos porque tiñan que moverse moito e ter axilidade.**

**-COCEDOR: encargado de manter o forno e vixiar a cocedura do material.**

**-SERVICIEIROS ou ASENTADORES: axudaban en tarefas diversas: acarrexar material, encañar e desencañr o forno...**



**Cuadrilla dunha telleira formada por dous oficiais, dous tendedores, un pieiro (co cabalo) e un servicieiro.**

# PREPARACIÓN DO BARRO

-O barro amoreado na eira dividíase en pequenas partes coas eixadas ou dándolle golpes cun macico.
-Logo botábase nas pías e engadíaselle auga para amolecelo coa axuda do cabazo. O pieiro, só, ou coa axuda dun cabalo, sobaba o barro ata que collese liga. Ás veces o barro peneirábase previamente para sacarlle os cardenís (pedras pequenas ou seixos) que levaba polo medio.
-Na década de 1950 introducíronse as primeiras máquinas para moer o barro.
-Unha vez amasado o barro o carretilleiro levábao ao pé da zona de traballo e alí amasábase de novo cun sable ou ferro acoitelándoo ou chaviándoo ata que quedaba ciscado. Logo volvía a amorearse e repetíase o traballo varias veces ata que quedase uniforme e ben ligado. Este proceso coñecíase co nome de MUDADA.





Barro e pía de amolecer



# ELABORACIÓN DE TELLA Á MAN

**-Amásase o barro (faise a mudada), coa axuda do sable.**





# Banco do telleiro






-Esténdese polvo (terra miúda e seca) sobre o banco.
-Énchese o molde (gradilla).
-Pásase o raseiro para igualar e eliminar o sobrante.
-Brúñese co baño (barro moi fino mesturado con auga).







Pasando o raseiro



Pasando a tella para o formal








tendendo

# ELABORACIÓN DE TELLA COA MÁQUINA

-O barro sae pola boca da máquina, córtase e recóllese co formal.

-Trasládanse as tellas á eira e téndense.





carro de corte



Boquilla
para facer
tella



rebarbadora ou rebanadora

O formal da tella de máquina
levaba o mango longo
para poder manexalo mentres
se desprazaba ao longo da
canle da rebarbadora.





carretas da tella





# ELABORACIÓN DE LADRILLOS E OUTROS ELEMENTOS Á MAN

## -Énchense os moldes

## -Sepáranse as pezas coa lesna e téndense na eira

**-Os ladrillos macizos facíanse con barro de peor calidade ou aproveitando restos e tellas que se estrababan. Presionábanse co plantillón cando estaban abelanados (medio secos), para compactalos.**









**Aparellos para facer ladrillos e baldosas**

# ELABORACIÓN DE LADRILLOS E OUTROS ELEMENTOS Á MÁQUINA

**-As pezas saen pola boquilla, córtanse e téndense.**



boquillas para facer ladrillos coa máquina (de buratos e macizo)

# O TRABALLO NO FORNO

**-Para encher o forno coa tella (encañar) había que colocala con moita habilidade para que non rompese e deixar ocos que facían de tiro para o lume.**

**A medida que se encañaba íase tapando a porta do forno con ladrillo cocido e ao remate botábase enriba das pezas unha capa de salón (terra do fondo da caldeira e barro seco) e cachos de tellas.**

**-Se a telleira non tiña cuberta fixa había que desmontala.**

**-Despois prendíase lume na caldeira usando como combustible leña ou serrín. O proceso de cocción duraba de 6 a 8 días.**

**-Despois de arrefríar desencañábase.**



esquema do encañado do forno



Forno cocendo

Unha fornada levaba de 30.000 a 50.000 tellas, segundo a capacidade do forno, dispostas en nove fileiras ou "daghas"; e 10.000 ladrillos.
Para elaborar o material para unha fornada había que traballar aproximadamente quince días.





**desencañando**



# IMAXES DOUTROS TEMPOS



Catoira



Catoira





Catoira



O Facho (Castrelo, Cambados)



Castrelo
(Cambados)


O Facho



O Facho



O Rosal



Couto de Abaixo (Castrelo, Cambados)



Vilalonga (cargando barro das barreiras do mar)



Castrelo. Galeón para o transporte de barro e leña.



Vilalonga (primeiras fábricas de ladrillos)


Cambados (descargando un galeón no porto)

# TELLEIRAS DO SALNÉS





Telleiras no Facho (1982)
(Castrelo, Cambados)



**Telleiras no Facho (1982)**
**(Castrelo, Cambados)**



**Telleiras no Facho (1982)**
**(Castrelo, Cambados)**

**Telleira de Martínez (1960)**
**O Facho (Castrelo, Cambados)**





Telleira de Vieites (1987)
O Facho (Castrelo, Cambados)



Telleira de Vieites (restauración, 2014)
O Facho (Castrelo, Cambados)

# Telleira de Vieites





Telleira de Adolfina Camiña (1982)
O Facho (Castrelo, Cambados)

# TELLEIRA DE ADOLFINA CAMIÑA
# O FACHO-CASTRELO-CAMBADOS



planta



alzado leste



alzado norte



Telleira de Manuel González (1982)
O Facho (Castrelo, Cambados)



Telleira de Manuel González (1984)
O Facho (Castrelo, Cambados)



**Telleira de Manuel González (restauración??, 2009)**
**O Facho (Castrelo, Cambados)**

**TELLEIRA DE MANUEL GONZÁLEZ**
**O FACHO-CASTRELO-CAMBADOS**








Telleira dos Lorenzo
Bico da Ran
(Castrelo, Cambados)



# TELLEIRA DOS LORENZO
# BICO DA RAN-CASTRELO-CAMBADOS





Telleira de González (1982)
Bico da Ran (Castrelo, Cambados)

# TELLEIRA DE VIEITES
# BICO DA RAN
# CASTRELO-CAMBADOS






alzado



planta

vista desde o mar





**Telleira dos Moledo (imaxe de 1982)**
**Couto de Abaixo (Castrelo, Cambados)**

# TELLEIRA DOS MOLEDO
## (Couto de Abaixo, Castrelo)



# TELLEIRA DO FRANCÓN
# CASTRELO-CAMBADOS



alzado norte



alzado oeste




planta

**Telleira de Noya**
**Os Seixiños**
**(Dena, Meaño)**



1994



2008

# TELLEIRA DE NOIA (Dena, Meaño)









**Telleira de Blanco
Sixtos (Vilalonga)**







**Telleira Arnosa**
**(Noalla Sanxenxo)**
**(2008)**




**Telleira de Ardia**
**O Grove**




TELLEIRA DE ARDIA
O GROVE



# OUTRAS TELLEIRAS GALEGAS





Telleira A Roda
(Salvaterra) 1992

# TELLEIRA DA RODA
## Salvaterra











Telleira (Salvaterra) 1992



Telleira Catoira







**Telleiras Valga**
**1923**



Telleira Praia Aguieira (O Son) 1915



Telleira Ares 1915



Telleira Laboreiro (Melide) 1915



FOTOS E MONTAXE: Adela Leiro
DEBUXOS: Mon Daporta
actualizado en abril 2026